

PRÁCTICA: SIMULACIÓN DAS CORRENTES DE CONVECCIÓN

OBXECTIVO: simular as correntes de convección que teñen a súa orixe no nivel D" para entender a causa do movemento das placas tectónicas.



MATERIAL:

- Vaso de precipitados
- Aceite
- Colorante
- Anacos de cortiza ou madeira
- Chisqueiro
- Trípode con reixa

PROCEDEMENTO:

- Introducimos no noso vaso de precipitados uns 100 mL de aceite.
- Acendemos o chisqueiro coa axuda da profesora e colocamos o vaso de precipitados na estrutura trípode- reixa.
- Agardamos ata que a parte en contacto coa chama empece a burbullear.
- No momento do burbulleo, engadimos unhas gotas de colorante ao aceite.




CUESTIÓNS

Copia e contesta as seguintes cuestións no teu caderno:

-Que acontece co "aceite tinguido" que está en contacto coa chama?

Podemos observar o seu ascenso. O chegar á superficie arrefría e volve a baixar, xerando así correntes de convección. Este movemento provoca pequenos movementos nos corchos que interactúan entre eles, chocando, rozándose e separándose



Que representa o acendedor de gas?

O núcleo

¿E o vaso de precipitados con aceite?

O manto. Pero sendo máis concretos podemos falar de que o vaso de precipitados sería o Nivel D" xa que é o responsable de transferir ese calor do núcleo e quentar os materiais que se atopan na mesosfera, e neste caso falaríamos de que o aceite tinguido representa a mesosfera e astenosfera, xa que é nesas capas onde podemos observar as correntes de convección responsables dos movementos das placas tectónicas.

E os anacos de corcho/madeira?

Representan as placas tectónicas

